

ÁMSTERDAM

PARÍS

LUGO BILBAO
VIGO OURENSE



AS CIDADES DE COLMEIRO

BUENOS AIRES

26 marzo/31 maio 2026

Museo Provincial de Lugo



Asociación de Amigos de
COLMEIRO

Museo Provincial de Lugo
Praza da Soidade, s/n

26 de marzo a 31 de maio de 2026

Horarios:

Martes a sábado: de 10:00 a 13:30 h e de 16:00 a 20:30 h

Domingos e festivos: de 10:00 a 15:00 h

Luns pechado (incluídos festivos)



As cidades de Colmeiro pretende ofrecer un punto de vista distinto sobre a obra de Manuel Colmeiro (Chapa, Silleda, 1901-Salvaterra de Miño, 1999) a partir da análise do impacto das cidades na obra do pintor. Para este obxectivo a exposición céntrase en obras –nomeadamente sobre papel– dun largo abano temporal, desde os seus inicios –a máis antiga é de 1919 (Porto de Buenos Aires)– en Buenos Aires até os anos sesenta (París [Notre Dame], 1960). Buenos Aires, Vigo, Lugo, Ourense, Bilbao, París ou Amsterdam serven de escenario e son protagonistas das procuras do artista.

Cómpre lembrarmos que, en conxunto, o traballo de Colmeiro representa unha reformulación da temática popular galega, de base

agraria, a partir de claves formais debedoras da figuración europea de entreguerras. Alén diso, a estes aspectos o noso pintor acrecenta unha intensa sensibilidade social, xa presente nas súas primeiras obras.

Esta orixe labrega e esta ligazón ás súas paisaxes nativas é formulada non só no mundo rural onde naceu senón en grande medida nas cidades onde o artista viviu e que, como non podía deixar de ser, marcaron a súa obra, principalmente Buenos Aires, Vigo e París. No entanto, as características dos traballos realizados por Colmeiro con temas orixinados nas cidades son ben diferentes, modulados pola situación de vida do pintor e pola relación que establece co medio urbano.



Vista de Lugo con Muralla / Óleo/lenzo / 1934



[Vigo] Porto de Vigo / Lapis, papel / 1936